

ANEXO III. BAREMO DE SELECCIÓN.

SERVIZOS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE AMES

SITUACIÓN DE OCUPACIÓN DOS MEMBROS PARENTAIS:	
Pai (ou titor) e nai (ou titora) con ocupación simultánea	14 puntos
Familia monoparental con ocupación laboral	14 puntos
Proxenitor/a con custodia compartida, con ocupación, que solicite os servizos de xeito individual na modalidade de usuario por quenda	14 puntos

(No caso de producirse empate e non haber prazas suficientes, continuar co punto 2).

SITUACIÓN DE EMPADROAMENTO OU TRABALLO NO TERMO MUNICIPAL	
Unidade familiar empadroada ao completo no Concello de Ames	10 puntos
O neno/a para o que se solicita o servizo e un/unha proxenitor/a ou titor/a empadroados no Concello de Ames	6 puntos
Por cada proxenitor/a non empadroado no Concello de Ames que teña o seu lugar de traballo habitual no termo municipal	3 puntos.

(No caso de producirse empate e non haber prazas suficientes, continuar co punto 3).

SITUACIÓN FAMILIAR:	
Deficiencia, discapacidade, enfermidade ou minusvalía (a) ou (b):	
a) Por cada membro da unidade familiar con cualificación legal de minusvalía, igual ou superior a un 33%, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia.	2 puntos
b) Por cada membro da unidade familiar con cualificación legal de minusvalía igual ou superior a un 50%	3 puntos
Número de nenos/as da unidade familiar que xa estiveran nos servizos no curso inmediato anterior. Puntos por cada neno/a a partires do segundo	2 puntos/neno/a.
Pertenza a zona de influencia do colexio	5 puntos

(No caso de producirse empate e non haber prazas suficientes, continuar co punto 4).

4. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Exercicio que se vai valorar: efectuarase en base ao datos do exercicio fiscal máis recente que estea en disposición de ofrecer a AEAT na data establecida de presentación das preinscricións.

Renda per cápita (RPC): Ingresos da unidade familiar dividido entre o número de membros que a compoñen.

Unidade familiar: rexerá disposto no artigo 39.2 deste regulamento.

Ingresos:

a.- No caso de presentación IRPF por todos os membros maiores de idade da unidade familiar no exercicio que se estea a valorar, sumaranse os importes dos cadros “base imponible xeral” e “base imponible do aforro” de cada membro maior de idade da unidade familiar.

b.- No caso de que algún dos membros maiores de idade da unidade familiar non presentara declaración do IRPF no exercicio que se estea a valorar, sumaranse os ingresos minorando estes co total dos gastos de carácter deducible que figuren no certificado emitido pola AEAT.

Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

Para a toma en consideración doutros supostos non establecidos neste anexo, será de aplicación o artigo 39 deste regulamento.

RENDA PER CÁPITA (RPC):	
Igual ou inferior ao 25% do IPREM	7 puntos
Superior ao 25% e igual ou inferior ao 50%	6 puntos
Superior ao 50% e igual ou inferior ao 75% do IPREM	5 puntos
Superior ao 75% e igual ou inferior ao 100% do IPREM	4 puntos
Superior ao 100% e igual ou inferior ao 150% do IPREM	3 puntos
Superior ao 150% e igual ou inferior ao 200% do IPREM	2 puntos
Superior ao 200% e igual ou inferior ao 250% do IPREM	1 punto
Superior ao 250% do IPREM	0 puntos

As distintas situacións valoraranse referidas á data de presentación da preinscrición. En caso de producirse cambios posteriores na situación de ocupación o/a demandante do servizo deberá solicitar a corrección da puntuación. A nova puntuación, se procede, terá efectos a partir do día da solicitude de revisión.

Terase en conta o baremo da situación 1 e só no caso de que exista empate e que o número de prazas non sexan suficientes aplicárase o baremo da situación 2. Se aínda así persiste o empate será cando se aplique o baremo da situación 3. En caso de persistir o empate terase en conta o que teña menor RPC.

Entenderase por situación de ocupación: contratación laboral; formación académica presencial, pública ou privada; coidado de familiar por parentesco ou afinidade dependente ata terceiro grao, sempre que a persoa dependente conviva no domicilio do demandante do servizo; prisión; residencia no estranxeiro; outra circunstancia debidamente acreditada que impida ou limite a dispoñibilidade para a atención dun neno/a.

Os/as solicitantes que non cumpran os requisitos do presente baremo e estean en situación de emerxencia social deberán indicar tal circunstancia no formulario de baremo para que o Departamento de Educación lle solicite ao Departamento de Servizos Sociais o informe acreditativo correspondente.